



FICHA RESUME

PE 403A 2008/77-5

Ano	2009
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE ARCADE
Plan explotación ⁽¹⁾	PLAN ESPECIFICO DE EXPLOTACIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS
Réxime ⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO
Modalidade ⁽³⁾	MARISQUEO A PÉ

Especies	Ameixa fina (R.decussatus), ameixa xaponesa (R.philippinarum), berberecho (C.edule).
Ambito do plan	Bancos intermareais dende a caseta do Ceboleiro ata pedra dos Caralletes.
Subzonas de explotación	Malvinas, Estralo, Puntal, Río do Medio, Conejera, Area Nova, Río Alvedosas, Río de Paredes.

Mariscadoras/es a pé	
102	

Ampliación do número de permex ⁽⁴⁾		SI
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
15		

Calendario de explotación											
Días máximos de extracción	215										
Época y zona probable de extracción ⁽⁵⁾ : de xaneiro a decembro. (*) A explotación todo o ano farase tendo en conta a rotación de zonas que se indica a continuación											
Modalidade⁽³⁾: A PÉ											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Banco	Xan	Feb	Mar	Ab	M	Xuñ	Xull	Ag	Set	Out	Nov	Dec
Puntal	X					X					X	X
Area Nova		X					X					
Río Paredes		X					X					
Estralo			X					X				
Malvinas			X					X				
Río Alvedosas				X					X			
Conejera				X								X
Río do Medio					X					X		X

Especies	A pé (kg/mariscadora/día)
Ameixa fina	2 kg
Ameixa xaponesa	10 kg
Berberecho	6 kg

Artes a empregar	Sacho, legón, angazo
------------------	----------------------



Puntos de control	Lonxa de Arcade.
Puntos de venda	Lonxas de: Arcade e Vigo

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Epocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembr												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: ámbito do plan												
Especies: ameixa fina e ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados			X	X	X	X	X	X	X			
Zonas: Ámbito do plan												
Especies: ameixa fina, xaponesa e berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: ámbito do plan												
Especies: tódalas especies												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: ámbito do plan												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												
Acondicionamento do substrato previa á sementeira empregando rastros sen cope.												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

ÁMBITO DO PLAN: Os bancos intermareais da ría de Vigo foron xestionados dende o ano 2000 pola Asociación de confrarías da Ría de Vigo, e anteriormente de xeito conxunto pola O.P.P. 38 actualmente desaparecida, ou a traves de plans conxuntos entre esta organización e confrarías. Os plan presentados pola Asociación de Confrarías da Ría de Vigo, indicaban que todas as mariscadoras (excepto as novas incorporacións do ano 2006) podían traballar en tódolos bancos intermareais, xa que "consideraban tódalas zonas como de libre marisqueo para os integrantes do plan". Sen embargo, na práctica cada confraría ou entidade formulaba as propostas de traballo a través da Asociación, e cada colectivo de mariscadoras traballaba nos bancos intermareais situados no ámbito de cada confraría, excepto nas seguintes zonas nas que as mariscadoras de varias entidades desenvolven a súa actividade:

- Da Ponte de Rande ao Peirao de San Adrián: en donde están os bancos de Aradoiro e Calera nos que traballan mariscadoras da confraría de Moaña e da Asociación de mariscadoras de Vilaboa.
- De Punta Cabalo á pedra dos Caralletes, nos bancos de O Cunchido e Larache e donde traballan as mariscadoras de Arcade e da Asociación de mariscadoras de Vilaboa.

(*) Modificada por Resolución de recurso de reposición do 6 de abril de 2009



- Illa dos Ratos, banco traballado polas mariscadoras da confraría de Moaña.

Para o ano 2009 as confrarías que integran (ou integraban) a Asociación de confrarías da Ría de Vigo presentan individualmente plans de explotación, o que dá lugar a solapamentos entre os diversos plans propostos. No caso que nos ocupa, a confraría de Arcade solicita como zona de produción os bancos do seu ámbito territorial (de Caseta do Ceboleiro a Punta Cabalo), sen embargo a zona comprendida entre Punta Cabalo e pedra dos Caralletes, donde están os bancos de O Cunchido e Larache, tamén están incluída no plan de explotación presentado pola Asociación de mariscadores "Pedra de Oliveira" de Vilaboa. En ambos plans acordan reunirse ambas partes para solicitar as aperturas mensuais para os bancos de O Cunchido e Larache.

Dende o ano 2005 intentouse que as aperturas na zona de O Cunchido foran consensuadas entre o colectivo de mariscadoras de Vilaboa e Arcade dado que son zonas nas que tradicionalmente traballaban as primeiras, aínda que entraban dentro dos bancos do ámbito da confraría de Arcade. Xa dende o ano 2007 e 2008 as solicitudes de apertura para a zona dende O Cunchido ata a pedra dos Caralletes foron realizadas pola Asociación de confrarías, previo acordo entre representantes das mariscadoras da confraría de Arcade e da Asociación profesional "Pedra da Oliveira" de Vilaboa.

Ante a **falta de acordo** entre as as confrarías de Arcade e a Asociación de mariscadoras de Vilaboa polo ámbito do plan de explotación, e tendo en conta que:

- O alcance xurídico da determinación do ámbito territorial afectará *unicamente á determinación do territorio para a afiliación dos membros das confrarías, non tendo a consideración de dereito preferente para a explotación dos recursos mariños ou marisqueiros, agás nos casos que legalmente se lle atribúa outro alcance*, segundo se establece no artigo 46.5 do Decreto 261/2002, do 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións.
- A zona en cuestión non é autorización de ningunha das entidades, e o seu aproveitamento en exclusiva debe garantir os dereitos de terceiros afectados.

Resólvese que, mentres non exista un acordo sobre o ámbito do plan entre ambas entidades, **a zona entre Punta Cabalo e Pedra dos Caralletes** (zona de produción: **bancos de Cunchido e Larache**) **será sometida a plan específico de explotación**. A Delegación Territorial elaborou a proposta de plan para esta zona de libre marisqueo que inclúe as medidas de xestión que permitan acadar unha óptima produción. Tales medidas son as recollidas na Orde que aproba o Plan Xeral de explotación marisqueira para o ano 2009, así como na ficha técnica correspondente. As aperturas mensuais do plan de explotación serán autorizadas pola Delegación Territorial, previa **petición conxunta** das entidades interesadas na explotación na que se realizará unha proposta de días, especies e topes de captura, así como número de mariscadoras de ambas organizacións.

Visto o exposto, o **ámbito do plan de explotación da confraría de Arcade** quedaría como: **bancos intermareais de Caseta do Ceboleiro a Pedra dos Caralletes**.

Á Subdirección Xeral de Gardacostas remitiu á Delegación territorial o informe relativo á posición das marcas que delimitan as zonas de marisqueo a pé e a flote incluídas no ámbito territorial da confraría de Arcade, que deberán ser respectadas para toda a zona balizada.

En relación coas **participantes**, advírtese diversas situacións no listado presentado pola confraría de Arcade:



1. As seguintes persoas teñen renovado o permiso de explotación para o ano 2009 pero non figuran na relación de participantes:
 - María Dacuña Vidal (35965777)
2. As seguintes persoas figuran na relación de participantes do plan pero non teñen renovado o permiso de explotación para o ano 2009:
 - Delia Amoedo Vidal (76979121)
 - Lucia González leiro (35252064)
 - Angeles Iglesias Novelle (36009811)
 - M^a Josefa Lorenzo Lorenzo (35233106)
 - Selvina Portela Sabajanes (35225162)
 - Manuela Ventura Bouzón (76979000)

Acéptase a **proposta de ampliación do número do permisos de explotación**, dado que se trata en realidade de cubrir 15 prazas vacantes. Recoméndase que a confraría solicite a esta Consellería a convocatoria de cursos para a obtención do certificado de mariscador/a, co obxecto de que accedan á formación tódalas persoas interesadas en incorporarse á profesión. Unha vez realizados os cursos necesarios, a entidade solicitaría á Delegación Territorial que se iniciase o proceso de selección de novos permisos de marisqueo a pé.

O plan de explotación propón un calendario de traballo de 12 meses en base á rotación dos 10 bancos, de xeito que mensualmente se traballará só en 3 bancos o que suporía un descanso mínimo de 4 meses consecutivos ou máis. Sen embargo, **a eliminación do período de vedas require dunha xustificación na que se desenvolva unha descrición detallada de como se vai realizar a rotación**. Deberá terse en conta que a explotación dos bancos de Larache e Cunchido debe ser consesuada coa Asociación de mariscadoras de Vilaboa.

Considérase conveniente o control estrito dos tamaños de extracción, dado que as mostraxes realizadas nos distintos bancos amosan un descenso xeral de biomasa. Ademais hai que ter en conta que se incrementa o esforzo pesqueiro debido á previsible incorporación de 15 novas persoas ao colectivo no ano 2009.

O tope de captura de ameixa fina redúcese a 2 kg/mariscadora/día e os topes propostos para ameixa xaponesa e berberecho consideráanse correctos.

Acéptase o acotamento de zonas nas que se leva a cabo o cultivo de especies por parte daquelas mariscadoras comprometidas en realizar os traballos necesarios para acadar melloras na produción dos bancos. As coordenadas xeográficas das superficies de engorde figuran no plan de explotación.

Para a revalidación dos permisos de explotación para marisqueo a pé computarán os días de realización das labores de semicultivo. O certificado no que se acredite a realización das labores anteriores por parte das mariscadoras detallará os días a efectos da revalidación do permiso de explotación, e virá asinado pola persoa responsable da organización dos traballos e a representante legal da confraría.

No plan prevén o aporte de áridos, sen embargo non se especifican as zonas, cantidade de area, calendario, metodoloxía, etc. polo que calquera actuación do tipo mencionada requirirá da presentación dun proxecto axeitado que será sometido a informe técnico, e deberá contar cos permisos dos organismos correspondentes



Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

A gancha a pé non está incluída nas artes de marisqueo a pé, de acordo co establecido no artigo 118º do Decreto 424/1993, de 17 de decembro, polo que o seu emprego require da aprobación dun plan experimental.

- (1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de...,
- (2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo
- (3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea, con subministro de aire
- (4): Indicar en negrita o que corresponda
- (5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15...
- (6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día,....
- (7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos
- (8): Marcar un X no recadro do mes correspondente
- (9): Este apartado corresponderalle cubriilo á administración